

## 7. SISTEMA INTELIXENTE DE ALERTAS MULTINIVEL

Desenvolvemento dun sistema único que centraliza todas as alertas relacionadas con resultados de probas ou episodios problemáticos detectados en pacientes.

Está dotado dunha **clasificación automática de gravidade** e dun **escalado de alerta** no caso de que non fora atendida polo primeiro conxunto de destinatarios. Ademais de comunicar a alerta segundo o medio máis axeitado en cada caso (IANUS, aplicación de enfermería Gacela, email, teléfono...), proporciona **accións recomendadas de resposta** a cada alerta.

As probas piloto foron realizadas na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de A Coruña.